



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATRO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000026

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día catro de agosto de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa, para celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celebrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 28.07.22 (ORDINARIA).**

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local ( en votación ordinaria e votos favorables dos asisentes á sesión).

#### **2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/26.-**

**EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000086**

**PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 6/2022**

#### **PROPOSTA DE ACORDO DA XGL:**

“Resultando que por parte da Intervención Municipal emitiuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 6/2022 (SMP 4/2022) con data 02/08/2022 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

Órgano xestor	Exercicio	Aplicación	Terceiro	Importe
Alcaldía	2022	1621 22799	Fcc Medio Ambiente	24.994, 07 €

Obxecto do gasto	Data de realización	Natureza xurídica	, S. A.
Recollida e transporte de RSU durante o mes de XUÑO	Data da factura 30/06/2022	Contrato de servizos	

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 02/08/2022 o seguinte:

“(…)

- **PRIMEIRO.-** En data 02/08/2022, instouse a este Servizo o inicio de expediente de omisión da función interventora nº 6/2022.
- **SEGUNDA.-** Tal e como consta na comunicación de Omisión da Función Interventora remitido a este Servizo, sobre a aprobación da factura núm. 22SM1590/1000177 de data 30/06/2022 de FCC Medio Ambiente, S. A., CIF: A28541639, por importe de 24.994,07 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1600 de 30/06/2022), incluída na relación de facturas F/2022/26 non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.

A presente factura foi conformada polo Concelleiro Delegado de área tras comprobar que o servizo fora prestado efectivamente e o expresado na factura correspóndese en servizo e prezo co pactado.

Con data 25/03/2011 FCC- FOMENTO de construcciones y contratas S.A. asinou un contrato de xestión de servizo público co Concello de Valdoviño, na modalidade de concesión. O prazo do contrato establécese en oito anos dende a sinatura do contrato, polo tanto o prazo rematou en 2019. Atopámonos ante un servizo continuado no tempo e que non poden deixar de prestarse por ser necesarios e imprescindibles para poder cumprir co normal funcionamento desta Administración. Exposto o anterior e a clara necesidade de prestación deste servizo cómpre proceder á licitación ao tratarse dunha necesidade estrutural continuada no tempo, o que ademáis pode revertir nunha mellora do prezo por baixas nas ofertas das empresas interesadas en formar parte do procedemento de contratación.

- **TERCEIRA.-** Tal e como consta na comunicación de Omisión da Función Interventora 6/2022 remitida a esta Alcaldía, en relación coa factura núm. 22SM1590/1000177 de data 30/06/2022 de FCC MEDIO AMBIENTE, S. A., por importe de 24.994,07 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1600 de 30/06/2022), incluída na relación de facturas F/2022/26, do que deriva que non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.

A Alcaldía si tivo constancia da factura, e si constatou a prestación referida da que deriva esta obriga de pago e que o prezo se axusta ao de mercado.

- CUARTA.- Este servizo non considera oportuno facer novas observacións o referido informe de Omisión da Función Interventora.

(...)"

Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non é necesario instar a revisión do acto, sendo suficiente que a Xunta de Goberno Local resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación da nº factura núm. 22SM1590/1000177 de data 30/06/2022 de FCC Medio Ambiente, S. A., CIF: A28541639, por importe de 24.994,07 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1600 de 30/06/2022), incluída na relación de facturas F/2022/26, produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, dado que se podería considerar que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade o perxudicado dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademais as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a prestación do servizo mediante a factura núm. 22SM1590/1000177 de data 30/06/2022 de FCC Medio Ambiente, S. A., CIF: A28541639, por importe de 24.994,07 € conformada polo Concelleiro delegada de área e que o prezo se axusta ao de mercado.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. Polo que se expuxo,

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- aprobar a relación de facturas nº F/2022/26 integrada por unha única factura a núm. 22SM1590/1000177 de data 30/06/2022 de FCC Medio Ambiente, S. A.,

CIF: A28541639, por importe de 24.994,07 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1600 de 30/06/2022)

**SEGUNDO.-** Trasladar o presente acordo ao Órgano Xestor, á Intervención, á Tesourería Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Asdo.- Alberto González Fernández  
Alcalde do Concello de Valdoviño”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.**

#### **3º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/27.-**

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente (2022/X999/000087).

#### PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/27 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 5 facturas ascende á cantidade de TRINTA E UN MIL NOVECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (31.969,41 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

#### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2022/27 por importe bruto de 31.969,41 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.**

#### **4º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

##### ***.-Licenza de primeira ocupación.-***

**Expte. 8/2017.-** [redacted] - Para licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita no [redacted] e que se corresponde co expediente de obras 15/2012, licenza concedida en Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2013.

Visto o informe do arquitecto municipal de 01 de agosto de 2022 no que se conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa favorable a licenza de 1ª ocupación.

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Conceder ao peticionario [redacted] licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en [redacted] segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2022, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

**Segundo.-** Practicarásalle a liquidación (taxa) por expedición de licenza de 1ª ocupación, por importe de 75,20 euros.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 02 de agosto de 2022.

O alcalde,

Asinado.- Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.**

##### ***.-Licenza de parcelación-***

**- Expte. de parcelación 03/2022.-** [redacted] [redacted] Para licenza de parcelación urbanística (reorganización de linde entre parcelas) de finca cuíaa referencíaa catastrais correspóndese cos números [redacted] [redacted] sitas no lugar de [redacted] en solo clasificado e cualificado como :

- Parcela con referencia catastral [REDACTED]  
SUELO URBANO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ORDENANZA 1. RESIDENCIAL EXTENSIVA en una superficie de 1.512 m<sup>2</sup>.
- Parcela con referencia catastral [REDACTED]  
SUELO URBANO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ORDENANZA 1. RESIDENCIAL EXTENSIVA en una superficie de 1.560 m<sup>2</sup>.

Resultando as parcelas seguintes:

- Parcela resultante A. Superficie: 1.690 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 1597 m<sup>2</sup>), no núcleo rural.
- Finca Resultante B. Superficie: 1.382 m<sup>2</sup>, no núcleo rural.

E de acordo coa documentación técnica achegada polo enxeñeiro Técnico Agrícola Bernardo Sánchez de Toca Triviño de xuño de 2022.

Visto o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 02 de agosto de 2022.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a licenza de segregación solicitada a [REDACTED] nas condicións que figuran no informe do arquitecto municipal de data 02 de agosto de 2022 do que se axuntará copia, así como a documentación técnica achegada e asinada polo enxeñeiro Técnico Agrícola Bernardo Sánchez de Toca Triviño.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 277,59 €.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 02 de agosto de 2022

O Alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.**

***.- Prórroga licenza***

***.- Expte. de obra 20/2019.-*** [REDACTED] Para prórroga de licenza de vivenda unifamiliar, sita en [REDACTED] parroquia de Valdoviño.

Visto a concesión da licenza en data 03 de xuño de dous mil dezanove, concedéuselle un prazo por 36 meses. En data 06 de xuño de dous mil vinte e dous, solicita o promotor prórroga da licenza de obras outorgada.

Visto que a día de hoxe non han variado as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras outorgada.

Xirada visita en data 28 de xuño de dous mil vinte e dous, compróbanse que as obras estanse a executar.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 1 de agosto de 2022.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- CONCEDER** ao promotor do expte. de obras núm. 20/2019 [REDACTED] a concesión de prórroga de licenza por un prazo de 36 meses.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 4,81 €..

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes.

**Cuarto.- A solicitude de prórroga de licenza realizada como favorable, tendo que quedar estar condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente.**

Valdoviño, 2 de agosto de 2022  
O Alcalde,  
Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.**

***.- Prórroga iniciación obras***

**.- Expte. de obra 211/2021.-** [REDACTED] Para prórroga de iniciación das obras de construción de vivenda unifamiliar, no [REDACTED] parroquia de [REDACTED]

Visto a concesión da licenza en data 10 de febreiro de dous mil vinte e dous, concedéuselle un prazo por de 6 meses para o inicio das obras. En data 22 de xuño de dous mil vinte e dous, solicita o promotor prórroga para o inicio das obras outorgadas.

Visto que a día de hoxe non han variado as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras outorgada.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 01 de agosto de 2022.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a prórroga para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar, no [REDACTED] licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** A prórroga non poderá exceder o prazo acordado para o inicio das obras que era de seis meses.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 64,05 €

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes.

Valdoviño, 02 de agosto de 2022  
O Alcalde,  
Asinado/Alberto González Fernández

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.**

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O sr. alcalde presenta para incluír fóra da orde do día o seguinte asunto de aprobación de certificacións de obra, con obxecto de non demorar os trámites nos expedientes de contratación das obras; a Xunta de Goberno local, por unanimidade ratificar a urxenza do asunto, e pasa a incluírse fóra da Orde do Día da presente sesión:

**.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA: CERTIFICACIÓN Nº 1 CERTIFICACIÓN Nº 2 DA OBRA: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDÓ, FRÁDIGAS E OUTROS”.-**

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA:

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 1 “*Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Frádigas, etc.*” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 01 de xuño de 2022 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 1 de xuño de 2022. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **SYR AMG, S. L.** o día 1 de xuño de 2022 por importe de 9.699,59 euros.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 2 “*Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Frádigas, etc.*” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 05 de xullo de 2022 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 6 de xullo de 2022. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **SYR AMG, S. L.** o día 5 de xullo de 2022 por importe de 111.333,04 euros.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;



**PRIMEIRO.-** Aprobación da certificación de obra n.º 1 “*Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Frádigas, etc.*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número 1 220030 de data 01/06/2022 con número de rexistro contable F/2022/1325, emitida por **SYR AMG, S. L.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 1 de xuño de 2022 por importe de 9.699,59 euros.

Aprobación da certificación de obra n.º 2 “*Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Frádigas, etc.*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número 1 220038 de data 05/07/2022 con número de rexistro contable F/2022/1660, emitida por SYR AMG, S. L. e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 5 de xullo de 2022 por importe de 111.333,04 euros.

**SEGUNDO.-** De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 correspondente a obra “*Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Frádigas, etc.*” deberán descontárselle 219,95 euros pola dirección e inspección de obra 73,32 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

E á certificación n.º 2 da obra “*Reparación de estradas en Beceiros, Domondó, Frádigas, etc.*” deberán descontárselle 2.524,60 euros pola dirección e inspección de obra e 841,53 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O Alcalde do Concello de Valdoviño;  
Asdo.; Alberto González Fernández”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.**

PARTE ACTIVIDADE

**5.- DAR CONTA DE ESCRITO REXISTRO ENTRADA 202299900001190 DE RUBÉN FERNÁNDEZ LOMBARDEIRO, EN RELACIÓN Á OBRA DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1 DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito referenciado, no que o director da obra informa do seguinte que se reproduce textual:

**“PRIMERO.** - Que la Xunta de Gobierno Local del Concello de Valdoviño, en sesión ordinaria de fecha 03/12/2020, acuerda por unanimidad citar el viernes 11/12/2020 a las 11 horas en el lugar de las obras a la empresa Mecano Sport, S.L., a la empresa Oziona, S.L. y al Director facultativo de las obras para realizar el **acto de comprobación, medición y liquidación de las obras.**

**SEGUNDO.** - Que, con fecha viernes **11/12/2020**, se realiza reunión en el lugar de la obra en la que están presentes:

- La empresa Mecano Sport, S.L.
- La empresa Oziona, S.L.
- La dirección de obra.
- Representantes de la promotora.

En el acto se realiza una inspección visual del estado en el que se encuentran las obras y todos

los presentes disponen de la siguiente documentación:

- El proyecto que sirvió para la licitación de la obra.
- La última certificación de obra (número 9) correspondiente al mes de marzo de 2020.

Durante la inspección, entre otras, **se detectaron deficiencias y/o patologías en obras ejecutadas que afectan al sistema de riego:**

- Unidad de obra nº 5.1.4. **Suministro y colocación de cañón de riego.** (Se ha detectado la rotura de un cañón de riego instalado en el campo y que es preciso el ajuste de parte de los cañones de riego a la planimetría definitiva del campo.)
- Unidad de obra nº 5.1.5. **Electroválvula para sección de tubo Ø50 hembra.** (Se ha detectado la rotura de una electroválvula instalada en el campo.)

**TERCERO.** - Que luego de los trámites pertinentes, dichas obras de reparación, al igual que las

pendientes de ejecutar, fueron adjudicadas a la empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. y en fecha **09/06/2022** se realiza el **acta de recepción** de las obras del PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1 DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA

ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MOURENTE.

**CUARTO.** - Que la instalación de riego ha sido ejecutada en su totalidad por la empresa Mecano Sport, S.L. siendo, en lo referente a la instalación de riego, la empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. la autora de la ejecución de los trabajos de reparación de las deficiencias y/o patologías detectadas en la reunión del viernes 11/12/2020 a la que se hace referencia en el punto SEGUNDO de este informe.

**QUINTO.** - Que tras la recepción de las obras y posterior puesta en servicio de las instalaciones

se comprueba por parte de la promotora que existe una pérdida de presión en uno de los cañones de riego del campo, patología que no había sido detectada hasta la fecha.

Luego de las pertinentes averiguaciones se comprueba que:

- La pérdida de presión se encuentra localizada en uno solo de los 6 cañones de riego instalados en el campo por lo que, a priori, se descartaría una patología del

anillo perimetral cerrado del campo pues de localizarse en dicho anillo debería afectar a más cañones de riego conectados al mismo.

☐ Se observa que en el momento en el que se acciona la electroválvula se produce una filtración que aparentemente se origina en la tubería que comunica la electroválvula y el cañón de riego falto de presión.

☐ En las inspecciones visuales efectuadas no se observan pérdidas de agua en la electroválvula.

Por lo anteriormente indicado, **la causa más probable de la pérdida de presión en uno de los cañones de riego es una posible rotura de la tubería que comunica la electroválvula con el cañón de riego.**

**SEXTO.** - Que por lo anteriormente indicado sería necesario proceder a la reparación de la probable fuga en la tubería que comunica la electroválvula con el cañón de riego, no sin antes cerciorarse nuevamente de que la electroválvula está en perfecto estado (para descartar definitivamente dicho origen de la fuga)."

**A Xunta de Goberno Local tomou coñecemento do escrito e o seu contido.**

#### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*